



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 02 DE DECEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00055003E.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2021/00018535D.

Aprobación da concesión, xustificación e pagamento da convocatoria de axudas para o rescate da restauración, hospedaxe e turismo do Concello de Santiago de Compostela afectado pola crise da covid-19 Anualidade 2021.

Acórdase:

Primeiro. Aprobación da concesión, xustificación e pagamento das axudas a 463 solicitudes das 610 presentadas.

Segundo. Designar lista de agarda das axudas ás persoas solicitantes das axudas que reúnen os requisitos para ser persoas beneficiarias pero que quedan fora por insuficiencia de crédito orzamentario. Son 16 solicitudes.

Terceiro. Denegar as axudas solicitadas a 131 persoas solicitantes por non subsansar correctamente o requirimento de documentación, non ter sede de actividade en Santiago, estar inmersas nun procedemento de reintegro, ou non cumprir con algún dos requisitos da convocatoria.

Cuarto. Dase conta do desestimento de 3 solicitudes

Quinto. Estas axudas, que suman un total de **1.747.105,00 euros**, van con cargo a:

- 500.000 euros con cargo ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o desenvolvemento do proxecto “Eixos 2 e 4 do Plan de reactivación económica do Concello de Santiago” no marco do Plan de Emprego Local, na aplicación orzamentaria 070 43200 4790102, do orzamento municipal 2021.
- 1.247.105,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 43200 4790101 do orzamento municipal 2021

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020204E.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a “Contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “Contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial do Concello de Santiago de Compostela”, á entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA, por un importe de **297.800 euros**, (exento de IVE), que compromete como melloras:

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

. un incremento de DOS MILLONES DE EUROS (2.000.000 €) na contía prevista como límite de indemnización por sinistro (3.000.000 €) e límite de indemnización máximo anual (3.000.000 €) para cada unha das garantías contempladas nos pregos de prescricións técnicas particulares (PPT, en diante), agás as garantías correspondentes aos prexuízos patrimoniais puros e a garantía de responsabilidade civil locativa, que manterán os límites establecidos nos PPT. Se oferta un límite de CINCO MILLONES DE EUROS (5.000.000 €) POR SINIESTRO Y ANUALIDAD DE SEGURO.

. un incremento de CIENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000 €) na contía prevista como mínima para o sublímite de indemnización por vítima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzada (300.000 €). Se oferta un límite de CUATROCIENTOS CINCUENTA MIL (450.000 €) POR VÍCTIMA.

. unha redución de MIL QUINIENTOS EUROS (1.500 €) de franquía sobre a franquía máxima xeral aplicable por sinistro (3.000 €). Se oferta una franquicia de MIL QUINIENTOS EUROS (1.500 €). Non entrará dentro desta mellora a franquía específica para prexuízos patrimoniais puros, que se manterá co límite fixado no PPT.

. a inclusión da responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos de carácter persoal. Fíxase un sublímite de 90.000 euros por sinistro e anualidade de seguro.

. a inclusión da responsabilidade civil derivada da perda ou extravío de documentos, ou polos danos causados a estes ou polo seu custo de reparación. Fíxase un sublímite de 60.000 euros por sinistro e anualidade de seguro.

. a ampliación do ámbito temporal da cobertura dos 24 meses aos 36 meses seguintes á data de extinción do contrato ou das súas prórrogas, no seu caso, por erros, omisións ou actos negligentes acaecidos durante o período de vixencia da póliza.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2240200. ADMINISTRACIÓN XERAL. PRIMAS DE SEGUROS, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 62.041,67 euros exento de IVE.

Anualidade 2022: 148.900,00 euros exento de IVE.

Anualidade 2023: 86.858,33 euros exento de IVE.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00050390D.

Corrección erro no prazo de prórroga contrato: “Prestación do servizo de desratización do Concello de Santiago de Compostela.”

Acórdase proceder a subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24 de novembro de 2021, de xeito que,

Onde di:

A Xunta de Goberno Local acorda:

Terceiro.- Prorrogar o contrato de Prestación do servizo de desratización do Concello de Santiago de Compostela asinado coa empresa ARUMIA, polo prazo de 2 anos a contar dende o 25 de novembro de 2021 ata o 28 de novembro de 2023.

Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local acorda:

Terceiro.- Prorrogar o contrato de Prestación do servizo de desratización do Concello de Santiago de Compostela asinado coa empresa ARUMIA, polo prazo de 2 anos a contar dende o 25 de novembro de 2021 ata o 24 de novembro de 2023.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025909T.

Autorizar a recepción de obras do expediente CON/68/2020 acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel.

Acórdase:

1. Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de obras de acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel (CON/68/2020)

2. Nomear representante da Administración ao técnico municipal responsable das obras de referencia.

3. Ordenar que se comunique á Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto da recepción das obras.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de data 22/11/2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024498S.

Aprobar a recepción das obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha CON/65/2020.

Acórdase:

1. Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha CON/65/2020
2. Nomear representante da Administración ao técnico municipal responsable das obras de referencia.
3. Ordenar que se comunique á Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto da recepción das obras.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de data 24/11/2021 procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00043863Z.

Aprobación do texto do convenio entre o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2021.

Apróbase o texto do convenio entre o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2021.

O convenio recolle os seguintes aspectos:

- O seu obxecto é establecer a relación entre o centro comercial e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar nas Festas do Apóstolo 2021.
- O Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI aporta como colaboración no programa citado a cantidade de 3.000 euros máis IVE que serán ingresados a favor do Concello de Santiago.
- O Concello incluírá o logotipo do Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nos programas das festas do Apóstolo, así como na páxina web e redes sociais.
- O Concello proxectará o logo do Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nas pantallas dos concertos das festas do Apóstolo.
- O concello incluírá ao Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI nas enumeracións de colaboradores das Festas do Apóstolo 2021.
- A vixencia do convenio sera até o 31 de decembro de 2021 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio.
- Concello de Santiago emitirá unha única factura, por importe de 3.000 euros mais IVE que o Centro Comercial As Cancelas Siglo XXI abonará, mediante transferencia bancaria, a favor do Concello de Santiago na conta de Abanca número ES58 2080 0300 8731 1004 3525.

O Concello de Santiago non contrae ningún tipo de obriga económica nin gasto adicional como consecuencia da sinatura do convenio proposto.